

Antecedentes da psicoloxía infantil en Galicia: a Sección de Pedagogía e o Laboratorio de Psicotecnia do Seminario de Estudos Galegos

Historical Background of Child Psychology in Galicia: The Education Section and Psychotechnical Laboratory of the Seminar of Galician Studies

Xosé Ramón GARCÍA SOTO¹
Universidad de Burgos
Hospital Universitario de Burgos

RESUMO: O Seminario de Estudos Galegos fundouse en 1923 coa intención de dotar a Galicia dunha institución de investigación multidisciplinar, capaz de abranguer todas as áreas de coñecemento. Un dos seus obxectivos foi promover a renovación da educación mediante a investigación. Con esta fin, en 1933 e 1934 establecéronse a Sección de Pedagogía e o Laboratorio de Psicotecnia. Aínda que a súa actividade detívose co golpe de Estado de 1936, pode considerarse o momento inicial da psicoloxía escolar e infantil en Galicia. Este artigo presenta as ideas e realizacións da Sección de Pedagogía e o Laboratorio de Psicotecnia.

PALABRAS CHAVE: Historia da Psicoloxía, Psicoloxía infantil, Desenvolvemento da Linguaxe, Psicoloxía escolar, Galicia.

ABSTRACT: The Seminar of Galician Studies was established in 1923 for the purpose of providing Galicia with a multidisciplinary institution of research, able to encompass all areas of knowledge. One of its aims was to promote educational renewal through research. With this aim in mind, the Education Section and the Psychotechnical Laboratory were established in 1933 and 1934, respectively. Although the activity of these departments were discontinued with the coup d'état of 1936, this initiative may be considered the starting point of child and school psychology in Galicia. This paper presents the ideas and achievements of the Education Section and the Psychotechnical Laboratory.

KEYWORDS: History of Psychology, Child Psychology, Language Development, School Psychology, Galicia.

¹ Enderezo do autor / Correspondence concerning this article should be addressed to Xosé Ramón García Soto. Hospital Provincial de Burgos. Avda. Islas Baleares s/n. 09006 Burgos. (Spain). xgarcia@saludcastillayleon.es

Introdución²

O Seminario de Estudos Galegos (en adiante Seminario) creouse coa intención de dotar a Galicia dun órgano de estudo multidisciplinar, capaz de abranguer todas as áreas de coñecemento e suplir as deficiencias da Universidade (cfr. Castelao, 1974). Estaba formado por seccións, organizadas á medida que se formaban os correspondentes grupos de investigación. En 1923 comezaron a súa andadura as de historia, filoloxía, arte e letras, xeografía, etnografía e folclore; en 1926 as de prehistoria, arqueoloxía e historia da arte, ciencias naturais e laboratorio de xeoquímica; en 1930 a de ciencias sociais, xurídicas e económicas; en 1933 as de historia da literatura e pedagogía, e en 1934 as de ciencias aplicadas e laboratorio de psicotecnia (Fernández Cerviño, 1974; Mato, 2001; VVAA, 1978). Pola variedade de disciplinas implicadas, metodoloxía de traballo e esforzo investigador, pode afirmarse que foi unha experiencia científica inaugural. A súa destrución en 1936 significou o fin de liñas de traballo que tardaron medio século en retomarse, xa perdido o fío histórico e descoñecendo o que se fixera anteriormente. Foi que sucedeu coa Sección de Pedagogía e Laboratorio de Psicotecnia. De feito, a primeira sorpresa para o estudoso actual é descubrir que na Galicia dos anos 30 existiu ese tipo de investigación.

A Sección de Pedagogía (en adiante Sección) e o Laboratorio de Psicotecnia (en adiante Laboratorio) tiñan como misión a renovación educativa a través da investigación. O seu curto tempo de funcionamento, algo mais de dous anos, apenas permitiu iniciar o traballo. Neste aspecto, pode dicirse que foron unha posibilidade pedagóxica frustrada (Costa, 2010). Sen embargo, sería un erro quedarse con esta idea. O intento rendeu outros froitos. A busca de alicerces empíricos da renovación educativa levou a formular un programa de investigación, adaptar tests e apicalos a varios centos de nenos (Filgueira Lois, 1994, 2012; García Soto, 1999, 2001, 2008, 2010b, 2013). Déronse, en definitiva, os pasos necesarios para estudar a infancia cos métodos que ofrecía a psicoloxía do seu tempo. Desde este punto de vista podemos afirmar que a Sección e o Laboratorio iniciaron en Galicia a psicoloxía escolar e infantil.



Logotipo do Seminario de Estudos Galegos. Debuxo de Castelao.

² Este traballo foi realizado sen axudas públicas. Conteí, sen embargo, coa colaboración xenerosa dun número grande de persoas, que non é posible citar individualmente. Non debo, sen embargo, deixar de expresar a miña débeda con Isaac Díaz Pardo, Jenaro Marínhas del Valle (Irmandades da Fala), Francisco Díaz Sánchez (Vanguardia Pedagóxica), Xosé Filgueira Valverde (Seminario de Estudos Galegos), Francisco Ogando (Seminario de Estudos Galegos), José Luis Pensado e Antón Costa. Unha primeira versión foi publicada en *Psychologia Latina* (García Soto, 2010).

Este artigo analiza o papel do Seminario na introdución da psicoloxía escolar e infantil. Divídese en tres partes. A primeira estuda a formación do marco de pensamento no que se concibiron a Sección e Laboratorio. O período vai de 1916, data da fundación das Irmandades da Fala, a 1933, data da posta en marcha da Sección. Neses anos pasouse dun proxecto xeral de rehabilitación do idioma galego a unha idea pedagóxica e psicolóxica da linguaxe infantil, susceptible de investigación empírica. No proceso influíron decisivamente Xohán Vicente Viqueira, a publicación do *Onomástico* de Martín Sarmiento, e Eloy Luís André.

A segunda parte presenta a concreción do marco teórico nun programa de investigación do desenvolvemento infantil, que prestaba especial atención á linguaxe. Mostraremos como se definiron progresivamente os obxectivos e metodoloxía, e daremos noticia dos traballos coñecidos. Incluiremos un realizado privadamente nos anos 40 por Cristina Pol García e Manuel Díaz Rozas, director da Sección. Aínda que cronoloxicamente posterior á destrución do Seminario, a súa concepción responde plenamente ao programa de investigación.

Finalmente, nas conclusións reflexionaremos brevemente sobre o valor e significado do traballo da Sección e Laboratorio. Situarémolo no contexto da psicoloxía infantil do estado español durante o primeiro terzo do século XX e veremos como o compromiso racional cos problemas pedagóxicos de Galicia foi a clave da xeneración de coñecemento científico. Desde ese punto de vista, o modo de proceder do Seminario contén unha lección válida aínda hoxe, que é necesario investigar e prolongar.

Para facilitar a lectura, preséntanse en galego todos os textos, indicándose as traducións (T). Nas citas respectouse a grafía dos autores. As dos irmáns Villar Ponte van precedidas das iniciais A (Antón) e R (Ramón).

A creación do marco de pensamento

Elementos psicolóxicos nun problema cultural e político: o proxecto das Irmandades

A preocupación pola lingua da escola tivo unha incubación longa e atípica. Comezou no século XVIII, cando Martín Sarmiento relacionou uso da lingua materna, procesos de aprendizaxe e desenvolvemento intelectual, e propuxo que a educación se realizase en galego. Lamentablemente, como comentaremos máis adiante, os seus escritos tiveron unha difusión atípica e o seu ideario só se transmitiu parcialmente. A seguinte xeración recibiu unha idea dignificada do galego, mais sen contido pedagóxico ou psicolóxico. Deste modo, o Rexurdimento do século XIX recuperou o uso literario do galego, mais non trouxo novas propostas pedagóxicas. As cousas comezaron a cambiar a primeiros do XX, coa fundación das Irmandades da Fala (García Soto, 2001).

As Irmandades fixeron do idioma o eixo da acción política e cultural. Tal como o vían os fundadores, define, manifesta e permite acceder á identidade dun pobo, crea unha conciencia colectiva, senta as bases dun pensamento e unha acción propia. O renacemento do idioma galego sería condición necesaria para que Galicia afrontase os



Antonio Villar Ponte, fundador das Irmandades da Fala. Caricatura de Cebreiro.

seus problemas con perspectiva de futuro (A. Villar Ponte, 1916). O primeiro obxectivo, por tanto, sería actualizar todos os campos de expresión individual e colectiva (R. Villar Ponte, 1977). O literario xa viña sendo traballado desde o século anterior. Outros permanecían apenas explorados, un deles o escolar. No que sigue intentaremos caracterizar a situación de partida. O órgano de expresión das Irmandades, o xornal *A Nosa Terra*, permitíranos facer a crónica.

O tema non tardou moito en aparecer. No número 5 do xornal publicouse *Polas Escolas Galegas* (Sergude, 1916). Despois de gabar a fermosura da fala infantil, o autor laiábase de que non só non se utilizaba a lingua materna no ensino, senón que se prohibía aos nenos falala entre eles. A consecuencia era dobre. Por unha parte, transmitíase unha imaxe negativa da lingua familiar. Por outra, o proceso escolar non capacitaba para falar ben nin o galego, nin o castelán. A solución sería o uso e cultivo literario do galego, obstaculizado, en particular, polos mestres non galegos que descoñecían a lingua e pola actitude hostil dunha parte dos mestres galegos. Os mesmos asuntos, a queixa de que na escola non se respectaba a lingua materna e o problema dos mestres non galegofalantes, reapareceron con maior amplitude e ocupando a cuberta do seguinte número (Taibo, 1917), cunha nota positiva engadida: O Padre Celestino García Romero preparara unha versión galega do catecismo para a catequese. Era un pequeno paso, que daba pé a que o autor ensarillase varios argumentos xerais, sen relación coa infancia, sobre a importancia das linguas entón chamadas rexionais. Citaba a Jovellanos, pedindo o cultivo do mallorquino, a Pi i Margall, para o que o uso da lingua materna mellora a escritura, e mesmo ao Padre Nebreda, burgalés afincado en Galicia, para quen "o rexionalismo da lingua é base e comezo de todo rexionalismo". Tamén traía a escena as *Cantigas de Santa María*, de Afonso o Sabio, para sinalar que están escritas en galego. Como conclusión pedía mestres que ensinasen en galego, asegurando que así se lograría que os nenos falasen mellor.

O fondo dos dous artigos é bastante semellante. A denuncia e reivindicación cultural predominan sobre a argumentación pedagóxica ou psicolóxica. Denúnciase a situación das escolas, atendidas por profesorado non capacitado para comunicarse cos nenos na lingua materna, nuns casos por proceder de fóra de Galicia e noutros por hostilidade. Reivíndicase a calidade literaria da lingua das Cantigas e o valor das linguas minoritarias. A argumentación pedagóxica limitase a relacionar o non respectar a lingua materna con falar de modo pouco culto. Tamén hai unha intuición do efecto negativo de presentar a lingua familiar como algo despreciable.

Co artigo publicado no seguinte número de *A Nosa Terra* ("Falan autoridades na materia. Cousas que non temos d'equencere", 1917) vemos un pequeno avance. É unha páxina sen asinar, que reproduce seis notas breves a prol do uso do galego. Os autores son o notario Ramón Díaz Ponte, o catedrático de dereito Luís Porteiro Garea, o mestre

Enrique Castiñeiras Díaz, o abade do arciprestado de Monforte, o catedrático de medicina Miguel Gil Casares, e o banqueiro Fidel López Veiga. Son testemuñas da importancia do idioma, desde o punto de vista profesional do autor. O tema escolar aparece nas de Ramón Díaz Ponte, Enrique Castiñeiras Díaz e Manuel Gil Casares. No primeiro caso só se di que é necesario estudar o galego na escola. No segundo, arguméntase que a palabra é o elemento esencial na formación intelectual, polo que utilizar na escola un idioma diferente do familiar provoca confusión mental aos nenos, colócaos en situación de inferioridade, dificulta a cooperación familia-escola e orixina unha das facetas do analfabetismo de Galicia: non saber escribir nin o galego, nin o castelán. Gil Casares, pola súa parte, adopta unha perspectiva evolucionista e afirma que ao longo das sucesivas xeracións vai perfeccionándose a relación entre os mecanismos de pensamento dunha comunidade e a súa lingua. Os membros da comunidade recibirían na súa herdanza unha 'maquinaria mental' especialmente adaptada á súa lingua. Se a educación substitúe esa lingua, unha parte dos mecanismos psíquicos herdados quedará sen uso, provocando un detrimento da produtividade mental. Tal sería a situación de Galicia e o seu principal problema. Sen entrar na verosimilitude dos mecanismos hereditarios aludidos, o progreso na argumentación é evidente. Manténdose o aspecto reivindicativo, comezaban a identificarse consecuencias pedagóxicas (confusión mental, empobrecemento intelectual, mal aprendizaxe da escritura, dificultades de relación coas familias) e, menos claramente, psicolóxicas (humillación e autodesprezo).

Do anterior podemos concluír que o tema escolar xa estaba presente nos primeiros momentos de vida das Irmandades. Sen embargo, era unha conciencia embrionaria, derivada do discurso político e sen unha alternativa educativa. Esta limitación é evidente na organización das Irmandades polas mesmas datas. Na Xunta Xeral da Irmandade coruñesa de Xuño de 1917 acordouse formar seccións de propaganda, organización e estudos; esta última debía ocuparse dos problemas económicos, sociais, agrarios, políticos e xurídicos ("As Irmandades da Fala. Fé de Vida", 1917). A educación non figuraba na lista. As ideas non encontraran unha expresión programática. Faltaba o marco teórico e o *modus operandi*. ¿Como se pasou de ese estado de cousas a outro no que o problema pedagóxico era visto á luz da psicoloxía? Esta foi a contribución de Xohán Vicente Viqueira.

Xohán Vicente Viqueira: Dunha idea abstracta até aos nenos e a escola

Viqueira, "o intelectual galego por antonomasia do primeiro terzo do século XX" [T], (A. Villar Ponte, 1971, p. 138; vd. Blanco Trejo, 1993, 1996; Carpintero, 1994; Costa Rico, 1996; García Soto, 2008; Regueira, 1992; Rivas García, 1974; Torres Regueiro, 1987; Veiga do Campo, 1969), ingresou nas Irmandades en xuño de 1917. Tiña 30 anos e encontrábase nun momento vital decisivo. Marchara de Galicia doce anos antes para estudar filosofía na universidade de Madrid, onde tivo como profesores a Cossío, Giner, Ortega e Simarro. Problemas de saúde obrigárono a pasar un curso académico en París, que aproveitou para asistir ás clases de Durkheim, Delbos, Levy-Bruhl e Bergson na Sorbona. Despois de licenciarse en Madrid, o interese pola psicoloxía levouno á Alemaña, onde foi alumno de Stumpf, Cassirer, Husserl, Simmel, Riehl e Dessoir en Berlín, Wundt en Leipzig e Müller



◀ Xohán Vicente Viqueira. Caricatura de Cebreiro, alumno de Viqueira no Instituto de A Coruña durante o curso 1918-1919.

en Göttingen. Un periplo formativo excepcional que rematou co regreso a Galicia, casado e convertido en catedrático de instituto de Psicología, Filosofía, *Lóxica*, *Ética* e Fundamentos do Dereito. Pouco despois ingresou nas Irmandades.

O ingreso tiña un fondo sentido vital. Dunha banda, renovaba os vínculos familiares co galeguismo. O seu abó, José Pascual López Cortón, financiara en 1861 os Xogos Florais d' A Coruña, de grande trascendencia no Rexurdimento (Martínez Barbeito, 1989). Do seu tío abó Santiago Viqueira, coengo da Catedral de Santiago, contouse que impartía en galego as súas aulas no Seminario (Cortón do Arroyo, 1924, 1 de outubro). E no modesto pazo familiar de Vixoi meditou

Castelar o prólogo a *Follas Novas* de Rosalía de Castro. Doutra banda, enlazaba coa súa infancia, nenez e adolescencia galegofalante na aldea de Vixoi, descrita pola súa irmá maior, María Luisa, en carta a Ramón Carande. Fala da súa nai:

“Como nena rica, os seus pais non a deixaban xogar cos nenos da aldea e, cando tivo fillos, ela fixo todo o contrario. [Xohán] Vicente e eu xogábamos cos nosos veciños, aos que daba clase a miña nai, e así aprendimos galego.” [T] (Carande, 1982)

Alén, a entrada no grupo galeguista daba sentido intelectual á experiencia emocional do estranxeiramento, elocuentemente descrita nun texto de 1918:

¡Canto mais *longe da terra* mais galego son, mais sinto a miña raza! ¿Non foi en París, en Berlín, en Londres, onde mais chorei a nosa decadencia? Era que alí sentía o que podíamos valer. ¡Os nosos chamados cosmopolitas teñen que d'aprender a ollar para o mundo! D'aquela faránse galeguistas. (Viqueira, 1974, p. 129).

Finalmente, a adhesión daba continuidade á recente descuberta da cultura portuguesa. A efervescencia política e cultural do Portugal de primeiros de século fascinárao marcando poderosamente a súa evolución intelectual. Mantivo relacións con destacados intelectuais como Teixeira de Pascoães, Leonardo Coimbra, Octavio Sergio e Julio Lemos. Foi un grande coñecedor e divulgador da súa filosofía e literatura (p. ex., Viqueira, 1922, 1926, 1974), partidario da converxencia ortográfica do galego e o portugués, e membro do *Instituto Histórico do Minho* (Viana do Castelo). Como lle sucedera a Antón Villar Ponte, encontrou no mundo lusitano a prolongación natural da cultura e a lingua galega, e nas Irmandades a oportunidade de dar forma ao que as circunstancias históricas imposibilitaran en Galicia.

O compromiso coas Irmandades traducíuse nunha intensa actividade política e intelectual. Paga a pena reproducir a opinión de Emilio González López, alumno seu no Instituto coruñés, e posteriormente Cronista Xeral de Galicia:

Nos primeiros anos que seguiron ao remate da *Primeira Guerra Mundial* ninguén tivo unha participación maior que Viqueira na vida espiritual e social cruñesa, proieitada sobre toda Galicia. Foi presidente da Irmandade da Fala da Cruña (...) cando ista era un dos fachos máis acesos da vida social galega. (...) Foi presidente da *Antorcha Galaica del Libre Pensamiento*, na que participaban os señores da burguesía progresista e liberal cruñesa e os dereitos obreiros, asociación que tivo unha función pouco coñecida de coordinar istas dúas forzas socias progresistas. (González López, 1974, p. 12; vd. tm. González López, 1987, pp. 64-68).

O aspecto máis visible da súa actividade foron os artigos en *A Nosa Terra*. Neles condensou en forma lírica aspectos do ideario que el mesmo axudou a definir ou forxou, como o papel da educación na transformación do país, e o da lingua galega na educación. O traballo máis importante, sen dúbida, é o texto da conferencia "Nosos Problemas Educativos" (Viqueira, 1918; reedición en Viqueira, 1974), como se ten sinalado (vd. Costa Rico, 1996, pp. 79-83). É un esquema de reforma xeral con tres eixos de argumentación: o papel da educación na renovación social, os problemas prioritarios e o modo de transformala. Trataríase de pasar dunha orientación allea á realidade, que excluía o idioma, ignoraba a cultura e non capacitaba para unha participación efectiva na vida do país, a outra na que o sistema educativo servise de motor de progreso cultural e económico. Para logralo non bastaría unha reforma legal. Sería necesario poñer en marcha grupos de estudo dos problemas educativos, organizados nun Instituto Científico. A partir do coñecemento que xeraren poderían fundamentarse as reformas necesarias:

"Vimos no anteriormente exposto como é preciso un estudo da realidade, como si se ha de facer algo de proveito pol-a educación en Galicia ten que partir o impulso d'unha iniciativa que nasza aquí mesmo e non en remotas e alleas vilas. Todo isto exige que se creen entre nós organismos encargados de estudar os problemas educativos da nosa terra; organismos que comenzando pol-a iniciativa individual rematen por ser oficiaes. Lembrémonos sempre do carácter experimental que n'un comenzo deben tener taes institucións. ¡Cánto de novo e d' interesante surgirá o día en que iste noso proyeito se realice e se estuden as realidades pedagógicas do noso pobo e sobr'elas se eleve un cúmulo de eficaces reformas! (Viqueira, 1974, p. 162).

O plan era pouco máis que un esquema, mais non lle faltaba orixinalidade. Por unha parte, propuña a reflexión e reforma desde Galicia, centrada no idioma galego. Esta perspectiva era unha innovación radical no discurso pedagóxico maioritario e tamén no entorno institucionista en que se formara. A reiterada presenza veraniega de Giner de los Ríos e Cossío, casado cunha tía de Viqueira, no pazo familiar de Vixoi, non parece terse traducido en reflexións sobre os problemas educativos de Galicia, en particular os suscitados polo idioma, a pesar de que ambos desenvolveron alí unha intensa actividade intelectual e social (vd. Porto Ucha, 1986, pp. 319-323). Por outra parte, consideraba necesario fundamentar as reformas en investigacións empíricas, unha aspiración novidosa

no discurso pedagóxico español e rigorosamente inédita en Galicia. Nótese que non se trataba dunha proposta abstracta. Viqueira estaba singularmente capacitado para levar adiante as súas ideas. Nesa altura, 1918, xa publicara as investigacións experimentais sobre a memoria (Viqueira, 1915b, 1916c), reseñadas no *Psychological Bulletin* (Baird, 1916), e o debuxo infantil (Viqueira, 1917b, 1917c), dous traballos aos que non coñezo paralelo na psicoloxía española do seu tempo; ademais, realizara estudos teóricos sobre temas tan pertinentes como a psicoloxía experimental e o mundo educativo (Viqueira, 1915a, 1916b), o aprender como problema psicolóxico (Viqueira, 1916a), un bosquejo de psicoloxía infantil (Viqueira, 1917a), ou os métodos de exame da intelixencia e os testes (Viqueira, 1915c, 1918). Un ano despois proporcionou outro texto fundamental, *a Introducción a la psicología pedagógica* (Viqueira, 1919; vd. Costa Rico, 2008), que marcou o pensamento dunha xeneración de galeguistas. Nela aparece unha lista dos problemas psicolóxicos relevantes para o mundo educativo: a organización xeral do espírito, a evolución mental, os diferentes tipos de organización e desenvolvemento, e os medios diagnósticos e técnicos. Complementouna posteriormente no libro, publicado postumamente, *La psicología contemporánea* (Viqueira, 1930). Alí establece tres campos: Investigación do desenvolvemento do neno, na que inclúe os períodos e graos evolutivos, as relacións entre desenvolvemento físico e mental, a psicoloxía normativa do desenvolvemento, e o desenvolvemento das diferentes capacidades mentais; psicoloxía do individuo e as disposicións, especialmente o exame da intelixencia; e, finalmente, o estudo da actividade do neno na escola, incluíndo análise do seu traballo, técnica e economía do traballo escolar, hixiene do traballo escolar e condicións domésticas e escolares. Como veremos mais adiante, os esquemas de Viqueira, con modificacións mínimas, foron o modelo das propostas posteriores dos galeguistas. Cabería engadir outro tipo de aportación: a creación do laboratorio de psicoloxía do Instituto de A Coruña, o curso 1922-3, pouco antes do seu pasamento, precedente directo do posteriormente creado no Seminario (vd. Costa, 1996).

A influencia de Viqueira foi dobre. Os artigos en *A Nosa Terra* definiron o ideario escolar galeguista, mentres que a obra psicolóxica aportou o marco científico. O primeiro tivo un efecto fulminante. No artigo que saúda o segundo aniversario da fundación das Irmandades, o obxectivo central da súa actividade aparece caracterizado nos seguintes termos: “Se queremos unha Galicia con personalidade recoñecida, si queremos ser nós mesmos, temos que cultivarnos en galego, emborcando o espírito da infancia e da mocidade no molde redentor do idioma.” (A. Villar Ponte, 1918, p. 1). Esta visión da misión das Irmandades era novidosa. Aínda que nalgún artigo anterior Antón Villar Ponte demostrara sensibilidade coa infancia (vd. A. Villar Ponte, 1902), esa sensibilidade non se trasladara ao seu proxecto político. Non hai referencias á infancia en *Nacionalismo Gallego* (A. Villar Ponte, 1916) e tampouco nos seus primeiros artigos en *A Nosa Terra* (p.ex., A. Villar Ponte, 1916) ou nas súas intervencións públicas (p.ex., “Unha nova xornada galeguista”, 1917). A partir da entrada en escena de Viqueira é frecuente atopalas, en ocasións cunha argumentación mellor fundada do que sería de esperar nun xornalista (p.ex., A. Villar Ponte, 1935). Mais onde se ve con claridade a importancia de Viqueira é na superación do esquema organizativo de 1917, que, como vimos, non incluía unha liña de


acción diferenciada para a educación. Isto cambiou en 1921, cando se lle encomendou a Vicente Risco a preparación dun Plan para a Galeguización das Escolas (“A III Asamblea Nacionalista Galega en Vigo”, 1921). Con Viqueira, a escola, o idioma e o proxecto de transformación social ficaron indisociabelmente unidos nunha idea pedagóxica e psicolóxica.

A segunda contribución, o marco científico, correu distinta sorte. A morte de Viqueira en 1924, cando aínda non cumprira 38 anos, impediu que se aplicase. Nin as institucións existentes, nin os coñecementos dos seus correligionarios eran os apropiados. O Plan de Risco (Risco, 1921; vd. Fernández Fernández, 2009) mostraba xa o problema. No esencial é unha versión empobrecida de *Nosos problemas educativos*, na que desaparecen as referencias á investigación e se engade unha fantasía sobre os caracteres hereditarios galegos. Conserva o aspecto reivindicativo, pero perde a perspectiva experimental. Un paso atrás, inevitábel en calquera caso, que reflectía o estado real de cousas mellor que a proposta de Viqueira, nacida dunha formación excepcional. Non é estraño que a pedagogía non se incorporase ao Seminario nas ampliacións de 1926 e 1930. Foi necesaria unha década de cambios institucionais e epistemolóxicos para que unha nova xeración asimilase o seu legado intelectual e abrise un espazo para a pedagogía e a psicoloxía (Figueira Valverde, 1994a). Entremedias, tivo lugar un feito sorprendente.

Unha carambola histórica e a revelación dunha tradición

Con Viqueira a reivindicación do uso escolar da lingua materna adquirira natureza de problema empírico e científico. Pero ademais, contribuíu a crear o escenario intelectual que propiciou unha carambola histórica orixinal. Refírome á recepción da obra de Martín Sarmiento *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* (Sarmiento, 1923), redactada a partir de 1757, mais inédita ata 1923.

A carambola foi consecuencia do destino peculiar que tiveron as ideas de Sarmiento, cativas do silencio pola súa decisión de non publicar. Escritor incansábel, permitía copiar os seus escritos a persoas de confianza, mais negouse teimudamente a dalos ao prelo. Aparentemente, pretendía controlar ou limitar a difusión do seu pensamento. É unha actitude sorprendente nun autor que comezou a andadura na República das Letras cun grande éxito editorial (Sarmiento, 1732). Non resulta estraño que xa en vida se vise obrigado a dar explicacións. Fíxoo nun escrito aclaratorio, que tampouco publicou, o *Porque si, y porque no* (vd. Dubuis et al, 1988), con dúas partes, dedicadas respectivamente a xustificar a



Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega, Fray Martín Sarmiento. Edición de Lago Fernández. Tui, 1923.

súa vida retirada e a negativa á actividade literaria pública. Que só escribise a primeira suxire que, por algún motivo, non desexaba revelar os motivos do seu silencio editorial. Como queira que fose, a negativa sobreviviulle. Á súa morte editáronse as *Memorias para la Historia de la Poesía y los Poetas Españoles* (Sarmiento, 1775), de larga influencia no Rexurdimento galego (vd. García Soto, 2001), once textos no *Semanario Erudito* do galego afincado en Madrid Antonio Valladares, entre eles o *Discurso sobre el método que debía guardarse en la primera educación de la juventud* (Sarmiento, 1768, 2002), resumo das súas ideas educativas, e pouco máis (vd. Santamarina, 2002). A maior parte da súa extensa obra continuou inédita e, en grande medida, ignorada ata a segunda metade do século XIX. Foi entón cando comezaron a desfacerse as tebras que envolvían a vida e obra do bieito. O goteo de publicacións en revistas, pequenas edicións nas cidades galegas, varios ensaios sobre a súa vida e obra (vd. Filgueira Valverde, 1994b), e especialmente os libros divulgativos de López Peláez (1895, 1902), fixeron de Sarmiento a figura de maior prestixio da historia intelectual de Galicia. Un prestixio, hai que dicilo, mais acordado que froito do coñecemento, pois a inmensa maioría dos seus escritos continuaban sen publicarse. Nesta situación, chegou a edición do *Onomástico* (Sarmiento, 1923), obra que trata da necesidade de utilizar o galego na educación, preparar os materiais necesarios e crear prazas docentes en cada cidade e vila populosa. As ideas que tan celosamente agachara saían finalmente á luz.

O *Onomástico* aportou algo máis que unha reivindicación e propostas xerais de cambio. En primeiro lugar, contiña unha contundente argumentación pedagóxico-psicolóxica sobre a importancia do uso da lingua materna na educación. Segundo a súa idea, todo o desenvolvemento conceptual parte do coñecemento da lingua materna. Se a educación respecta, utiliza e favorece o desenvolvemento natural da lingua materna, adecuando os instrumentos e métodos educativos, a construción do coñecemento avanzará sen necesidade de estudo memorístico ou castigos. Hoxe expresaríamos a mesma idea dicindo que o desenvolvemento da linguaxe é o eixo do desenvolvemento cognitivo. Pénsese que Sarmiento escribía no século XVIII, mais de cen anos antes de que esas ideas tomaran corpo na psicoloxía infantil. En segundo lugar, propuña un plan de estudos empíricos sobre Galicia. Trataríase de formar un grupo de estudosos que, seguindo un plan de traballo, recollese o saber en todas as áreas e con todos os métodos, desde a clasificación de fontes documentais ata os traballos de campo. Como no caso de Viqueira, non era unha elucubración, senón o froito da súa propia experiencia. Efectivamente, Sarmiento recorreu Galicia en 1745 e 1754 recollendo datos sobre o idioma, botánica, e, en menor medida, xeografía, historia, tradicións e arqueoloxía. A proposta serviu de modelo aos fundadores do Seminario (Filgueira, 1947). Finalmente, daba á infancia un papel inédito na investigación, ao tempo que a convertía en obxecto de estudo. No *Onomástico* describía como utilizaba a nenos como informantes para pescudar nomes de plantas, animais e obxectos cotiáns. Ademais, anotou os seus xogos, coplas, ditos e numerosas escenas infantís. Neste aspecto pode ser incluído, con Locke e Rousseau, entre os precursores da psicoloxía infantil (vd. García Soto, 2010).

Estas características convirten o *Onomástico* nunha obra singular na historia do pensamento español, insólitamente adiantada e inasimilábel nos seus días. Eran necesarios fondos cambios políticos, sociais e científicos para que atopase un ámbito de recepción adecuado. Unha parte deses cambios, o centramento da elaboración científica na realidade galega, foi obra dos fundadores do Seminario. Outra, a referida á infancia e ao idioma na educación, foi a herdanza de Viqueira, difusor da psicoloxía infantil e experimental e creador do programa de galeguización do ensino. Foi así como as ideas de Sarmiento encontraron en 1923 o seu ámbito natural de recepción e se incorporaron ao pensamento galego sobre unha base científica e un proxecto político no que encaixaban á perfección. O resultado foi que se articulou *a posteriori* unha tradición secular de preocupación e estudo empírico de Galicia, o uso do galego na escola e a infancia en xeral, en perfecta sintonía coas propostas das Irmandades. É difícil imaxinar un agasallo mellor. Por unha vez a historia, tan mesquiña cos galeguistas, lucíuse.

Eloy Luís André, psicólogo experimental, intelectual galeguista, defensor da galeguización do ensino

Debemos traer agora á escena a Eloy Luis André (Mourazos, Verín, 1878 - Madrid, 1935), doutor en filofía e dereito, psicólogo formado con Wundt, creador dos gabinetes de psicoloxía dos institutos de Ourense, Toledo e Cardenal Cisneros de Madrid, autor dun novidoso informe sobre a educación dos adolescentes, ensaista e polemista sobre temas económicos, ferrocarriles, arte, cultura e política, escritor prolífico, tradutor do alemán e francés, poeta mediocre, republicano, galeguista e intelectual moi coñecido na súa época. Esquecido durante varias décadas, actualmente é obxecto dun interese crecente (Benso Calvo, 2007; Blanco, Castro e de Castro, 1994, 1996; Carpintero, 1994; Castro, 2008; Costa Rico, 1996, 2013; López Vázquez, 1996; www.filosofia.org, s.d.).

A súa vida tivo puntos de contacto coas de Viqueira e Sarmiento. Como Viqueira, formouse como psicólogo en Alemaña e foi catedrático de instituto de Psicoloxía, Filosofía, Lóxica, Ética e Fundamentos do Dereito. Como Sarmiento, os seus intereses intelectuais foron enciclopédicos e desenvolveu en Madrid a maior parte da súa obra. Como os dous, era sinceramente galeguista. Había, sen embargo, unha diferenza fundamental. O punto de partida da elaboración intelectual de Viqueira e Sarmiento era a pedagogía. Para ambos o problema capital da educación era a exclusión da lingua materna. O núcleo das súas propostas eran a escola, a infancia e o galego. Luis André recorreu o camiño en sentido contrario. Comezou pola investigación psicolóxica da linguaxe adulta. Foi de facto o autor do primeiro estudo empírico do galego. Sen embargo,



Eloy Luis André. Cortesía da familia.

non tivo conciencia do problema pedagóxico ata dúas décadas despois. A escola, a infancia e o idioma apareceron no punto final de maduración do seu pensamento. O resultado foron dúas aportacións separadas no tempo, unha previa á fundación das Irmandades e outra nos albores da Segunda República.

A primeira contribución deuse no comezo da súa vida laboral. Era entón catedrático en Ourense, a cidade onde fixera o bacharelato e decidira estudar filosofía. Despois de licenciarse en Salamanca, doutorarse en Madrid, facer estudos de postgraou en Lovaina, Bruxelas e París e aprobar as oposicións, regresara con 26 anos. Nesa época estaba vivamente interesado pola psicoloxía de Wundt. En 1907 e 1908 solicitou á Junta para Ampliación de Estudios unha pensión para viaxar a Leipzig a formarse en psicoloxía experimental. Coa mesma orientación, creou en 1908 un gabinete de psicoloxía no Instituto de Ourense, o primeiro en Galicia e só uns anos posterior ao da Universidade de Madrid, posto en marcha en 1902 por Luis Simarro Lacabra. Finalmente, en 1909 conseguiu unha axuda para viaxar a Alemaña e estudar con Wundt. Alí realizou un traballo sobre os aspectos melódicos de diferentes linguas, unha delas o galego (Luís André, 1911; vd. Costa Rico, 1996, pp. 185-188). Foi a primeira vez que se analizou nun laboratorio. Aínda que a investigación non se publicou e só se referiu a ela brevemente nun ensaio (Luís André, 1912), o prestixio que lle deu entre a intelectualidade ourensana, que tanta influencia tivo no galeguismo, nunca se extinguiu (Ogando, comunicación personal, 1996). Neste aspecto, de creador da psicoloxía experimental en Galicia e inaugurador do estudo científico do galego, a súa contribución foi anterior á de Viqueira.

63)

B. Romanische Sprache (Zweige)
Spanisch, Rumänisch und Galizisch.

Spanisch	- 134-134-142-	157-130-	164-156-	156-234-	24
Rumänisch	- 126-131-161-	192-140-	228-214-	214-265-	34
Galizisch	- 147-190-141-	176-145-182-	144-	144-216-	30
Mittlere Wertzahl	- 135-135-148-	175-138-	191-171-	171-239-	30

Comparación de castelán, romeno e galego. Luís André, 1911.

A segunda aportación foi obra de madurez, xa definitivamente instalado en Madrid. Nesa altura xa era unha referencia intelectual para os temas relacionados con Galicia (Durán, 1986). Poucos intelectuais gozaban do seu prestixio, promovido en xornais conservadores e progresistas, así como en publicacións académicas (p.ex., Rodríguez Cabrero, 1932). Tiveron especial repercusión a súa participación na agrupación de *Estudios Gallegos* do Ateneo, que cos seus ciclos de conferencias e a publicación da revista homónima foi unha das inspiradoras das Irmandades (A. Villar Ponte, 1916), as conferencias no *Centro de Galicia*, a campaña polo ferrocarril de Zamora a Ourense e os seus artigos de prensa, especialmente no período precedente á caída da monarquía e primeiros tempos da IIª República. Nas eleccións de xuño de 1931 foi candidato por Ourense na lista encabezada polo nacionalista Ramón Otero Pedrayo e na que figuraban Vicente Risco e Basilio Álvarez ("Proclamación de candidatos a diputados a Cortes", 1931). Chegado a este punto tentou

sistematizar o seu pensamento sobre Galicia nunha serie de propostas de reforma política (Luís André, 1931b), unha delas sobre o galego na escola (Luís André, 1931b: 291-298).

Na liña de Viqueira, consideraba que o sistema escolar era incapaz de asumir un papel rexenerador da vida moral e económica, porque non respondía ás esixencias da cultura do pobo galego. De modo máis radical, afirmou que a súa finalidade era manter a submisión a través da ignorancia. Para demostralo apoiouse en datos estatísticos sobre a insuficiencia de escolas e mestres, a masificación dos alumnos e, como froito, unha das taxas de analfabetismo máis elevadas de España. Non esquecía outro dos puntos do ideario das Irmandades: O problema dos mestres non galegos que, por descoñecemento do idioma e cultura, non estaban preparados para responder ás necesidades reais do seu alumnado. Sobre ese pano de fondo expuxo unha argumentación psicolóxica sobre as consecuencias da exclusión do galego, orixe da ineficacia do sistema escolar:

“O castelán na escola é un valado espiritual entre a alma e o corazón do mestre e a alma e o corazón dos nenos galegos e os adultos analfabetos. (...) O neno e o adulto séntense estraños, arrepiados de temor na escola, porque teñen que pensar no idioma propio e falar, despois de traducir, no idioma alleo. E é sabido que o idioma é o denominador común, o diagrama espiritual de todos os estados da alma, o tesouro psíquico do pobo. O pobo que fala o seu idioma na escola, moldea nel a súa alma. Nunha lingua estraña aprisionaa.” [T] (Luís André, 1931b: 294).

Os argumentos mostran a converxencia co ideario das Irmandades, corroborada na *Réplica a Unamuno* (Luís André, 1931a; reed. en Luís André 1931b: 437-448), resposta ao discurso sobre a oficialidade do castelán que o seu antigo mestre pronunciara no Congreso dos Deputados o 18 de setembro de 1931. Tras argumentar sobre a realidade plurilingüe de España e a necesidade de que a República solucionase o problema, sinalaba explicitamente ás Irmandades como axentes do proceso de creación dun bilingüismo real, con extensión do galego a todas as esferas, condición necesaria para que Galicia realizase a súa misión de elemento de unión entre Portugal e España, e para que pensamento e vontade creasen espontaneamente unha cultura libre e vigorosa. (Luís André, 1931b: 445-448). Nótese que nestas datas comezaba a elaborarse o estatuto de autonomía. Un dos puntos máis conflictivos foi, precisamente, a introdución do galego na escola. A toma de postura de Luís André chegou no momento oportuno. Os galeguistas non o esqueceron. Cando *A Nosa Terra* volveu a publicarse no exilio arxentino, reeditouse *Réplica* (Luís André, 1944), precedida dun cálido eloxio do seu autor.

Sería un erro, sen embargo, ver en *Escuelas y maestros* só un artigo de opinión política. Tamén reflectía a evolución do seu pensamento psicolóxico. O interese pola linguaxe non era unha novidade. Era o núcleo da súa formación en Alemaña. A concepción da linguaxe que tiña entón era a de Wundt: un elemento de tránsito da psicoloxía individual á colectiva, unha vía óptima para coñecer a mentalidade dun pobo (Luís André, 1912). A dirección de análise ía das linguas individuais á mentalidade dos pobos que as utilizan. Nesa visión non había lugar para unha pregunta máis simple: ¿Que sucede cando un neno chega á escola e se ve privado da súa lingua materna? Esa era a novidade de *Escuelas y maestros*.

A evolución é evidente comparando a primeira e cuarta edición do seu manual de psicoloxía. Inicialmente (Luis André, 1920), as referencias á infancia e o seu desenvolvemento eran anecdóticas e o tratamento da linguaxe fundamentalmente estrutural, centrado nas características do son e o proceso perceptivo, e, en menor grao, histórico, cunhas notas sobre as orixes e evolución da palabra desde formas primitivas a estruturas desenvolvidas e unha cita de Stern como estudoso do desenvolvemento da linguaxe, sen explicación algunha. Era unha psicología xeral sen contido evolutivo. Non pode dicirse o mesmo da cuarta edición (Luis André, 1931c). Mantendo practicamente inalterada a perspectiva psicolóxica estrutural, engadiu unha sección sobre o desenvolvemento psíquico do neno, outra sobre psicoloxía das idades e referencias nos puntos, como a influencia da idade nas asociacións mentais, o desenvolvemento da memoria e a linguaxe. De modo que *Escuelas y maestros*, aínda que motivado politicamente, apoiábase nunha consideración da linguaxe e a infancia propia da psicoloxía evolutiva, con capacidade para interrogarse sobre as consecuencias de non respectar a lingua materna na educación.

Dicía antes que a contribución de Luis André á formación do pensamento psicolóxico en Galicia é diferente das de Viqueira e Sarmiento. Sen embargo, parece claro que poden atribuírselle cando menos a creación da imaxe de psicólogo experimental, a investigación do galego como parte da súa actividade e a elaboración dunha proposta de reformas que incluía o problema do idioma. A súa prematura morte privounos dos froitos da súa madurez intelectual e deixou en proxecto un número considerábel de obras.

A psicoloxía e psicotecnia na Sección de Pedagogía e o Laboratorio de Psicotecnia

Unha vez descrita a contribución de Viqueira, Sarmiento e Luís André, é o momento de volver a nosa mirada ao Seminario. Primeiramente consideraremos o proceso de concreción do marco conceptual. Para iso temos que examinar os momentos iniciais da actividade da Sección de Pedagogía.

A Sección creouse o 14 de outubro de 1933, data de ingreso do seu director, Manuel Díaz Rozas, inspector, presidente do Consello Provincial de Primeiro Ensino de A Coruña, e defensor da introdución do galego na escola durante a elaboración do Estatuto de Autonomía. Filgueira Valverde deixou unha semblanza rápida do traballo realizado nos dous anos e medio longos que van da constitución á interrupción de actividades en 1936: elaboráronse os estatutos dun proxectado Patronato da Escola Rural Galega, traballouse nos problemas lingüísticos da escola, redactáronse temas sobre Galicia para o ensino e púxose en marcha o Sección de Pedagogía, xérmolo da psicoloxía aplicada e escolar (Filgueira Valverde, 1978). A sucinta relación non debe confundirnos. As actividades formaban parte dun proxecto político, o Estatuto, e en todas, a pesar do escaso tempo de actividade, déronse pasos importantes. Vexamos como foron as cousas.

A redacción dos estatutos do Patronato da Escola Rural Galega é realmente anterior á creación da Sección. Aparece nas actas do Seminario o 30 de Outubro de 1932: "Acórdase que o Seminario cree un Patronato Escolar de Formación Campesina. (...) Encarrégase de facelo regramento da proieitada institución aos Srs. Filgueira, García Vidal, Núñez Búa e

Alonso Ríos.” (Costa Rico, 1989, p. 332; Mato, 2001, p. 272). Dous meses despois, o 10 de xaneiro de 1933, presentouse o regulamento do agora denominado *Patronato da Escola Rural Galega*, coas seguintes finalidades (Mato, 2001, pp. 277-8):


- a) Estudo i-ensaio dos métodos a aplicar na escola rural galega e n-uns centros escolares de tipo superior e popular que, ampliando os ensinos primarios, difundan no agro os novos procedimentos de cultivo, de cría e selección de gandos, industrias agropecuarias e as súas derivadas, creen nas masas aldeáns o senso cooperativo, manteñan o apego ao chan labrego, fomenten o espírito comunal e realicen unha laboura de orientación e renovamento do traballo campesiño.
- b) Preparación dos mestres ruraes por medio de becas, pensións, cursos e conferencias, orientacións agrícolas e cooperativas, etc, etc.
- c) Edición e difusión de libros escolares galegos.
- d) Implantación, dirección e administración de escolas galegas de orientación campesiña, i-o patronato das que, xa establecidas, lle señan confiadas.
- e) Organización e realización de estadísticas i-o fomento dos estudos de pedagogía experimental e mensura da capacidade e das aptitudes dos escolares, con aplicación ó agro galego.
- f) Propaganda das institucións de pedagogía rural.

O proxecto recuperaba a orientación empirista de Viqueira, en particular a pedagogía experimental e o estudo das capacidades e aptitudes infantís. A materialización de ambos propósitos foron a Sección e Laboratorio. Aínda que o ámbito de traballo inicial os concibía como auxiliares na solución dos problemas da escola rural, en pouco tempo chegouse a un proxecto global, que incorporaba as nocións e métodos da psicotecnia e a incipiente psicoloxía infantil española. Podemos comprobalo analizando o programa da Sección, o estudo do bilingüismo, o uso de tests no Laboratorio e, froito serodio, tres estudos lonxitudinais do desenvolvemento infantil.

O programa da Sección

Non dispomos dun documento que fixe oficialmente o programa da Sección. Podemos, porén, reconstruílo a partir de dúas fontes. A primeira son as intervencións do seu director no ciclo de conferencias organizado polo Seminario en Pontevedra en 1935 (“Seminario de Estudos Galegos. Os cursillos de Pontevedra”, 1935). A segunda é o discurso de ingreso de Xosé Toba Fernández na Sección, publicado como separata de *Vanguardia Pedagógica* (Toba, 1935-1936).

As conferencias de Pontevedra foron probabelmente a actividade pública máis exitosa do Seminario. Concibidas como cursos de capacitación pedagóxica centrados en Galicia, versaron sobre bioloxía, xeografía, historia, pedaxogía, educación e psicotecnia, mineraloxía, arte, códigos, botánica, agricultura e gandaría, idioma galego, economía, hixiene, medicina e etnografía. En total ditáronse cincuenta e seis conferencias, que



Manuel Díaz Rozas, director da Sección de Pedagogía e Gustavo Díaz Sánchez, editor da revista *Vanguardia Pedagógica*. Caricatura de Cebreiro.

recibiron ampla cobertura xornalística e foron transmitidas en directo radiofónicamente. A de Xesús Bal y Gai sobre música tradicional tivo un deseño que podemos calificar de vangardista. A ilustración musical das palabras do conferenciante facíase con discos desde a emisora, que tamén retransmitía as interpretacións musicais de Bal y Gai nun harmonium (“A laboura do Seminario de Estudos Galegos”, 1935). A prensa deu cumprida noticia do evento.

Díaz Rozas ditou cinco conferencias (“Los cursos del Seminario de Estudios Gallegos”, 1935; “Seminario de Estudios Gallegos”, 1935; “Seminario de Estudos Galegos. Os cursillos de Pontevedra”, 1935; vd. Costa, 1996; García Soto, 2013). Nelas desenvolveu unha argumentación simple. Partindo da importancia do medio social no desenvolvemento intelectual, foi introducindo sucesivamente o papel do mestre, o contexto sociocultural e a individualización do ensino, a importancia da lingua materna, as consecuencias de non respectala, a aprendizaxe da lectura e a súa avaliación mediante tests e outras probas, a medición da intelixencia e uso xeral dos tests, e o bilingüismo, que consideraba prexudicial antes dos nove anos; ata esa idade o idioma escolar debía ser o galego. En paralelo, foi explicando o traballo que se estaba realizando ao respecto na Sección e Laboratorio: adaptación, baremo e aplicación de tests que permiten diagnosticar obxectivamente a situación individual e colectiva.

Comparando os temas tratados por Díaz Rozas e os *Estatutos* do Patronato, apréciase a ampliación do papel da psicoloxía e psicotecnia. Xa non se trata só de medir capacidades e aptitudes na escola rural. Fálase de tests específicos de lectura e propónse a utilización habitual de probas psicométricas no ámbito galego. A psicoloxía ten un papel central no coñecemento da infancia e na intervención pedagóxica. Vexamos agora o discurso de Xosé Toba Fernández.

Toba era profesor de Paidoloxía e director da Escola Graduada anexa da escola Normal de

Santiago. Tamén era membro do grupo Vanguardia Pedagóxica, dirixido polos irmáns Díaz Sánchez. Ingresou na Sección o 11 de xaneiro de 1936, co discurso *Problemas que nos plantea la escuela y el niño de Galicia* (Toba, 1935-1936), un opúsculo de 28 páxinas, asinado en Santiago en maio de 1935. O carácter esquemático do texto facilita a acumulación dun número grande de ideas, con escasa organización que, se ben deixan no lector sensación de pouca elaboración, teñen a vantaxe de proporcionar unha visión ampla da información manexada polo autor. Segundo o editor do documento, Francisco Díaz Sánchez (comunicación persoal, 16 de marzo de 1998), recollía as liñas de actuación da Sección. Posiblemente a falta de acabado formal favoreceu que a súa reedición por Antón Costa (1996) pasase desapercibida entre os estudosos da historia da psicoloxía en Galicia.

O texto está dividido en dúas seccións, *Orientación*, que inclúe os apartados sobre escola, mestre, edificio, programa e idioma, e *Psicología Infantil*, dividida á súa vez en antecedentes, o neno, cuestións e suxestión final. A primeira parte reúne os temas que Viqueira formulou en *Nosos Problemas Educativos*, desenvolvidas no *Plan de Risco* e retomadas nos *Estatutos* do Patronato. A segunda contén a fundamentación psicolóxica e as propostas de aplicación experimental. Os alicerces teóricos, totalmente esquemáticos son tomados de Claparède (1927) e ábrese cunha cita de Rousseau: “Descoñecemos aos nenos” (Toba, 1935-1936, p. 18). Os intentos por coñecer á infancia, engade, levaron a Tiedeman, Sigismund e Preyer a facer un diario de observacións sobre o desenvolvemento psíquico do home durante os primeiros anos de vida. Sinala que os novos métodos de investigación e observación transformaron a psicoloxía en ciencia experimental. Aplicada ao estudo da infancia deu como froito a psicoloxía infantil, que, con métodos científicos, debe ocuparse do desenvolvemento do neno. Estes estudos, dinos, son novos en España e máis en Galicia. Sen embargo, sería necesario facer un esforzo para contribuír ao traballo común. Os galegos deberían proporcionar datos sobre procesos de desenvolvemento en distintos medios, atención, memoria, etcétera, que poidan ser comparábeis e interpretábeis en relación aos obtidos noutros países. Esa información permitiría un mellor coñecemento da infancia, adaptar a actividade escolar, determinar e optimizar a influencia do entorno, mellorar as posibilidades dos alumnos, e identificar as súas necesidades segundo a súa dotación intelectual. As principais propostas de investigación eran as seguintes:

- Recollida de datos pedométricos (talla, peso, índices de crecemento) segundo o medio social (cidade, vila, aldea) e xeográfico (costa, terras baixas e montaña).
- Estudo do desenvolvemento dos nenos no momento da escolarización (aficións, tendencias, experiencias, linguaxe).
- Estudo da relación entre circunstancias de crianza (contacto escaso cos pais polas labores agrícolas, pais ausentes pola emigración) e desenvolvemento.
- Epidemioloxía dos problemas psicopatolóxicos, do retraso mental e da superdotación.
- Fatiga e rendemento escolar.

No coñecemento da infancia xogaban un papel importante os tests psicolóxicos. O interese de Toba polo tema xa aparecera anteriormente no artigo *Sobre la organización escolar* (Toba, 1935). Nel falaba da evolución das técnicas psicométricas desde os traballos de Binet a comezos do século XX e lamentaba a súa escasa utilización. En particular, considerábaos útiles para coñecer as características do alumnado, moi variables en función da orixe xeográfica, e para medir os seus progresos. Os tests, que o autor agrupaba colectivamente na expresión propia da época exame mental, poderían ser unha das respostas da psicoloxía ás necesidades da nova escola.

Problemas que nos plantea la escuela y el niño de Galicia mostra a rápida evolución do colectivo desde a proposta do Patronato da Escola Rural Galega en 1933. Os obxectivos defínense con maior precisión, e a psicoloxía xa non ten un carácter exclusivamente instrumental, de auxiliar na solución dos problemas da escola rural. Empezaba a definirse un espazo propio para a investigación psicotécnica e evolutiva. Onde os estatutos do *Patronato* falaban de organización de estatísticas, fomento dos estudos de pedagogía experimental e medida da capacidade e das aptitudes dos escolares, Toba concreta: datos xerais sobre a constitución dos nenos, nivel de desenvolvemento no momento de chegar á escola, linguaxe, carácter, problemas psicopatolóxicos, superdotación e relación entre fatiga e rendemento. Nótese que, co engadido dos datos pedométricos, é o mesmo listado de problemas que Viqueira (1919, pp. 22-24; 1930, p. 49) sinalaba como propios da psicoloxía pedagóxica. A proposta era correcta. Faltaba aplicala. Temos constancia de tres intentos diferentes.

O estudo do bilingüismo e os tests no Laboratorio de Psicotecnia

O Laboratorio é un grande descoñecido. Non hai estudos específicos sobre a súas actividades. Sabemos que participou nos traballos de campo do Seminario ou xeiras. Tratábase de campañas de investigación das comarcas, que se prolongaban varios días e nas que participaban varias seccións. Desde 1926 realizáronse xeiras en Monforte, O Carballiño e O Ribeiro, Barbanza, Deza e Costa da Morte. As máis importantes foron a de Deza, que se repetiu en 1930, 1931, 1932, 1934 e 1935, e a da Costa da Morte, en 1936. Os membros da Sección e o Laboratorio participaron nas campañas de Deza de 1934 e 1935, e na da Costa da Morte, administrando tests a varios centos de nenos.

Unha información en *A Nosa Terra*, anterior á xeira de Fisterra (“As conferencias no grupo de Ourense. A de Iglesias Vilarelle”, 1935), pode deitar luz sobre a actividade do Laboratorio. É a recensión dunha conferencia en Ourense do director do organismo, Antonio Iglesias Vilarelle. Comezou situando o tema do galego escolar no marco do debate sobre bilingüismo, concepto que, segundo as ideas do congreso de Luxemburgo de 1928 (OIE, 1932), rexeitou por pedagoxicamente inadecuado. Ata aproximadamente os dez anos só se debería falar ao neno na lingua materna. Esta era, dicía, unha idea aceptada pola pedagogía, mais non polos Estados. A solución sería política e o obxectivo, o monolingüismo na lingua materna ata os dez anos, un camiño que consideraba xa iniciado por Cataluña. Pasou despois a falar dos tests escolares, da súa historia e desenvolvemento nos Estados Unidos, especialmente durante a Iª Guerra Mundial. Informou de que a

Sección e Laboratorio estaba realizando o baremo dun, que o autor da nota non menciona, que xa se aplicara a 350 nenos e nenas, “resultando unha media moi favorábel.” Tamén se referiu á intelixencia media dos nenos galegos, dando cifras que demostraban que o fracaso escolar non se debía a un problema de intelixencia ou dos mestres, senón aos desastrosos métodos que o Estado impuña.

Para interpretar a noticia temos que recorrer ás actas do Congreso de Luxemburgo (OIE, 1932). Foi convocado pola Oficina Internacional da Educación de Xenebra, da que era director Bovet e secretario Claparède. O tema a debate era o bilingüismo na educación, e o punto de partida as investigacións realizadas no Pas de Gales (Hughes, 1932). Os traballos comparaban medidas de intelixencia e rendemento escolar en nenos monolingües e bilingües. O resultado mostraba que os nenos monolingües tiñan mellor desenvolvemento intelectual e académico. A conclusión foi que o bilingüismo precoz prexudicaba aos nenos, podendo producir atraso mental. Nótese que en realidade se comparaban os efectos de recibir a educación na lingua materna e nunha segunda lingua. A desvantaxe dos nenos apartados do seu idioma é evidente. Sen embargo, a idea que se impuxo foi que o bilingüismo era prexudicial e a segunda lingua non debería introducirse ata que los nenos tivesen unha idade mental de 9 anos. Esta concepción era a que manexaba Iglesias Vilarelle. Nese contexto teórico adquiren sentido as referencias a unha media favorable, á normalidade intelectual dos nenos galegos e á condena do bilingüismo.

O debate de Luxemburgo tamén influíu na metodoloxía utilizada no Laboratorio. Segundo Araceli Filgueira (1972) Iglesias Vilarelle traballou desde 1928 nun deseño de investigación sobre os efectos do bilingüismo (o termino adecuado sería diglosia) no desenvolvemento intelectual. Medía a intelixencia con probas non verbais, probas verbais na lingua materna (galego) e probas na lingua da escola (castelán), co propósito de comparar os resultados. Esta era a proposta de Decroly (1932) en Luxemburgo. Por outras fontes (Filgueira Lois, 1994, 2012) sabemos que entre as probas utilizadas no Laboratorio estaban o test de Ballard, a proba de comprensión do psicopedagogo catalán Galí e a de rapidez de cálculo de Claparède.


Como vemos, o Laboratorio desenrolou o interese xenérico pola medición da capacidade intelectual e aptitudes, consignado nos estatutos do Patronato, e engadiu o problema da diglosia e un deseño para estudalo obxectivamente. As hipóteses, instrumentos e metodoloxía eran acordes co que se estaba facendo na investigación internacional. Só pasaran dous anos e as ideas xa comezaran a materializarse. É moito o que non sabemos, pero é difícil non ver o balbucir da psicopedagogía en Galicia.

Os estudos lonxitudinais do desenvolvemento

Os estudos do Laboratorio mostran os comezos dunha parte da psicoloxía infantil. Hai outros aínda menos coñecidos, nos que podemos ver o inicio da psicoloxía evolutiva, isto é, o estudo dos cambios que se suceden ao longo da vida. Son dous traballos realizados polo matrimonio formado por Cristina Pol García e Manuel Díaz Rozas, ambos inspectores de primeiro ensino, e el, como xa foi sinalado, director da Sección.

Do primeiro temos noticia por Francisco Díaz Sánchez (Díaz Sánchez, comunicación persoal, 16 de marzo de 1998), amigo do matrimonio. Segundo nos contou, desde primeiros dos anos trinta ata o trinta e seis, Pol García e Díaz Rozas seguiron o desenvolvemento de xemeos univitelinos da provincia de A Coruña. A identificación e seguimento realizábase nas escolas. Os nenos eran estudados periodicamente, recolléndose dados dos mestres, entre eles o propio Francisco Díaz Sánchez e os seus irmáns Agustín e Gustavo. Tamén se lles aplicaban periodicamente varios tests que o noso informante non recordaba. O obxectivo era comparar a evolución dos xemeos. Descoñécese o destino do material reunido, aínda que é posíbel que unha parte poida recuperarse. En calquera caso, co que sabemos podemos afirmar que foi posibelmente o primeiro intento de institucionalización da investigación na vida escolar.

Co segundo estudo tivemos máis fortuna. Son tres estudos lonxitudinais realizados privadamente na posguerra, a mediados da década dos corenta, xustamente os diarios de observacións de que falaba Toba. Non se publicaron ou deron a coñecer. Apareceron na biblioteca do matrimonio, albergada desde finais de 1996 no Instituto Galego de Información. Son dous cadernos e 56 fichas nas que se segue o desenvolvemento de tres nenas entre os doce meses e os tres anos, aproximadamente. Non hai explicación, análise teórico ou bibliografía. Foron realizados a mediados dos anos 40 en circunstancias pouco menos que heroicas. Nesa altura Díaz Rozas xa fora expulsado da Inspección e estaba en espera de ser xulgado polo Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo (vd. García Soto, 2013). Dinnos a coñecer no II Congreso da Asociación para o Estudo da Adquisición da Linguaxe (García Soto, 1998).



Diario evolutivo de Carmita, 9, 10 e 13 de Marzo de 1945. Desenvolvemento motor.

Cronoloxicamente, o primeiro estudo é o de Carmita. Está formado por 56 fichas en distinto estado de elaboración; hai anotacións escuetas, case sempre a lapis e con letra

pouco coidada, en recortes de papel, con observacións de algo que a nena di ou fai; hai notas elaboradas, que conteñen unha observación e unha explicación ou comentario; finalmente, hai notas mecanografadas, que inclúen reflexións nas que é evidente a influencia de Claparède e Piaget. Por número, as máis abundantes son as anotacións concisas, seguidas das notas elaboradas e, finalmente, as mecanografadas. A primeira ficha é de Outubro de 1944, e a última de Maio de 1946, cubrindo o período entre os 21 e os 40 meses. Os temas tocados son o desenvolvemento motriz, lingüístico, moral, social, intelixencia xeral e xogo.

14-III-945

Al oírle decir "Mira las ⁽³⁾ muñecas" creí que ya tenía noción clara del nº 3 (esas en efecto son las muñecas). Pero me di cuenta de que no era cierto al pedirle que me trajese 3 lápices, solo me trajo 2

Diario evolutivo de Carmita,
14 de Marzo de 1945.
Desenvolvemento da noción
de número.

No material manuscrito hai dúas mans. A análise caligráfica (J.J. Jiménez Praderas, comunicación persoal, 2 de Xaneiro de 2003) identificou as letras de Cristina Pol e Manuel Díaz Rozas. As observacións do momento son case todas de Cristina. As notas elaboradas son de Manuel. En canto ás notas mecanografadas, do contido de varias despréndese que foron redactadas por Díaz Rozas. Isto suxire que o material foi recollido principalmente por Cristina, mentres que as observacións de Manuel foron menos frecuentes aínda que máis meditadas.

O segundo estudo está dedicado a Mari Carmen. Vai de Novembro de 1944 ata Novembro de 1946. É un caderno apaisado, en 4º, con 70 páxinas a dúas columnas, que recolle ordenadamente o desenvolvemento da linguaxe da nena entre os 12 e os 35 meses. As entradas van agrupadas mensualmente e constan do termo adulto, a produción infantil, a data e o número correlativo que fan no corpus. En total hai case dúas mil observacións, delas unhas 1700 de léxico, algo máis dun cento de oracións e catro narracións. Fixéronse observacións 319 días dun período de 697, case a metade, seguindo o modelo de observación continua de Preyer. Na recollida combináronse a observación da fala espontánea e a indución por repetición. Tamén aquí vemos o modelo de Preyer (1908), que engadira á observación de Tiedemann e Sigismund a provocación por repetición. Isto é evidente en numerosos elementos léxicos que non pertencen á fala normal nesa idade. Parecen destinados a observar a capacidade de imitación e produción.

7 noviembre 1945

Ayer Carmita después de la cena se fué a la cocina y al poco rato llegó con una flanela, una cuchara de palo, una banqueta y un paño chico; en la flanela cosa de un dedo de agua. Puso el mantel a la mesa, y probando la comida nos la dió a gustar. Al poco rato, Cristina le recortó en papel dos muñecas. Ella que era la mamá, cuidaba a las niñas y las daba de comer; y nos enseñaba con su mimica como las muñecas sorbian de la cuchara la comida que les daba. Les preguntaba si la comida estaba buena, y ella misma imitaba la voz de los pequeños contestaba en nombre de ellos. Desde luego es ya capaz de representar los dos actores de un diálogo, adaptando su voz. Mas tarde, cogió a las muñecas las acostó en la cama turca, y les puso una manta para que no tuvieran frío. La manta era un papel viejo doblado que encontró a mano.

Con este juego imaginario se paso muy bien una hora, hasta que vinieron a buscarla de su casa.

Como se vé el material no podía ser más sencillo.

Claramente vá pasando a una fase en que se lo hace ella todo, y casi prescinde de los adultos a quienes de vez en cuando hace intervenir pasajeramente en el juego imaginativo. Se ha superado pues la fase del hazme en que no dejaba un momento de descanso a los mayores que la rodeaban.

Diario evolutivo de Carmita, 7 de Noviembre de 1945. Desenvolvimento do xogo simbólico, designado como imitativo.

<i>domingo</i>	<i>domingo</i>	<i>30-12-45 97</i>	<i>Escud. - buiste'zo papaste, todo tiempo</i>
<i>quieta</i>	<i>quieta</i>	<i>30-12-45 98</i>	<i>llamó' pequesucho 26-12-45</i>
<i>quiere</i>	<i>quiere</i>	<i>30-12-45 99</i>	<i>Éta causa no guta 26-12-45</i>
<i>muchacha</i>	<i>muchacha</i>	<i>31-12-45 100</i>	<i>Senti' aqui 26-12-45</i>
<i>caudales</i>	<i>caudales</i>	<i>31-12-45 101</i>	<i>Fibuj' hisi'jo no 30-12-45</i>
<i>cesto</i>	<i>cesto</i>	<i>31-12-45 102</i>	
<i>caballero</i>	<i>caballero</i>	<i>31-12-45 103</i>	
<i>Milagritos</i>	<i>Milagritos</i>	<i>31-12-45 104</i>	
<i>Milagros</i>	<i>Milagros</i>	<i>31-12-45 105</i>	
<i>araña</i>	<i>araña</i>	<i>31-12-45 106</i>	
<i>Frases</i>			
<i>Abuela pegaba palo = la abuela te pegará un palo</i>		<i>10-12-45</i>	
<i>Es un loro. Felite si</i>		<i>10-12-45</i>	
<i>Es un zo bante, no me ciorra = tengo quecutes, no me ciorra</i>			
<i>Éte malobri mio cora = éte maudobri mio es cora</i>		<i>10-12-45</i>	
<i>Rompites pecios = rompiste el periódico</i>		<i>15-12-45</i>	

Diario evolutivo de María del Carmen, Diciembre de 1945. Léxico e frases.

O propósito do estudo é documentar a sucesión de novidades. En primeiro lugar fonolóxicas e lexicais, observando a aproximación sucesiva ao modelo adulto; hai numerosas palabras seguidas durante meses; a pesar de que a transcripción non utiliza o alfabeto fonético, pode seguirse con bastante seguridade o progreso da nena; por exemplo, aos doce meses só se documenta a vocal /a/, á que seguiron /e/ (13m), /o/ (13m), /i/ (15m), e /u/ (15m). En segundo lugar, novidades gramaticais: aparición das oracións de dúas palabras, aos 21 meses, 'gramaticalización' da oración simple, xustaposición, coordinación e subordinación. Por último, e de modo elemental, a produción extensa; recolle fragmentos narrativos, conversas e tres contos narrados pola nena.

O terceiro estudo, o máis breve, é o de Mercedes. É un caderno apaisado en 8º, con once páxinas a dobre columna. Rexistra a fala da nena entre Decembro de 1944 e Marzo de 1946, dos 13 aos 28 meses de idade. A organización é igual á de Mari Carmen. En total hai 218 observacións, 214 sobre léxico, e 4 sobre as primeiras oracións.

1	Papa = papa' 26-12-44	13	cama = cama 13-8-45
2	mamá = mamá 31-12-44	14	tía = tita 25-8-45
3	nene = nene 4-3-45	15	Mando = lolo 25-9-45
4	si = chi 8-4-45		
5	iupa' = iupa' 8-4-45	16	aquí = aquí 18-11-45
6	pan = pan 23-4-45	17	nena = nena 18-11-45
7	no = go 5-5-45	18	capa = capa 20-11-45
8	agua = abua 12-5-45	19	papa = pupa 20-11-45
9	papilla = papa 1-6-45	20	perro = van van 20-11-45
10	Maribel = Bebi' 15-6-45	21	quita = quita 21-11-45
11	buba = buba 3-7-45	22	toma = toma 22-11-45
12	fai = lo dice cuando se enfada 17-7-45	23	asi = asi 23-11-45

Diario evolutivo de Mercedes. Léxico, Decembro de 1945 a Novembro de 1945.

Á diferenza da maioría das fichas de Carmita, os cadernos de Mari Carmen e Mercedes non son materiais primarios, senón produto dunha elaboración posterior, na que se ordenaron sistematicamente as observacións realizadas. A análise caligráfica indica que ambos están enteiraamente escritos por Pol García.

Os materiais das tres nenas teñen as características propias dos primeiros estudos lonxitudinais, máis centrados en notificar novidades, que en identificar procesos. Chama a atención a diferenza de tratamento entre o estudo de Carmita, e os outros dous. No primeiro estúdase un rango amplo de temas, detállanse as circunstancias de observación, e hai certa tentativa de contextualización e interpretación. Nos outros dous só se recolle a fala e a data de observación, sen indicacións adicionais. En realidade, son dous traballos paralelos e complementares, un adicado ao desenvolvemento xeral, e os outros limitados á produción falada.

A pesar da súa forma embrionaria, os estudos lonxitudinais sinalan un fito importante. Cinguíndonos ao desenvolvemento da linguaxe, posiblemente sexan os máis antigos sobre o idioma castelán. No estado español só coñezo un anterior, o de Cassià Costal (1931) sobre o catalán. Sobre o castelán os primeiros publicados posiblemente sexan os de Montes Giraldo (1971), realizados en Colombia con datos dos seus catro fillos, entre 1962 e 1967. O seguinte do que teño noticia é o de Hernández Pina (1984). Outro autor, Gili Gaya (1961, 1972), traballou en Puerto Rico en 1958-1959 con nenos de idade escolar. Os estudos de Cristina Pol e Díaz Rozas, aínda que realizados privadamente, case diríamos clandestinamente, son unha proba da madurez do pensamento psicolóxico alcanzada no Seminario.

Conclusiones

A historia que acabamos de reconstruír mostra un ciclo de formulación dunha idea, maduración, definición progresiva e estudo empírico. Bastaron quince anos para que unha proposta política, formulada por un xornalista, dese pé a unha reflexión psicopedagóxica que, poucos anos despois, foi o punto de partida dun proxecto de renovación educativa. O proxecto non chegou a completarse, mais non por iso deixou de dar froitos: por primeira vez aplicouse en Galicia a psicoloxía escolar e infantil. A orixe do proceso foi a reivindicación do uso da lingua materna no sistema escolar, como condición da eficacia do proceso de transmisión do coñecemento e desenvolvemento de estruturas e capacidades mentais. Neste sentido, trátase dun problema propio da psicoloxía e pedagogía, de completa vixencia en Galicia (RAG, 1994) e nas sociedades culturalmente avanzadas. Sorprende que en tan pouco tempo se chegase a unha idea definida en termos operativizábeis, dada a falta de especialistas en psicoloxía en Galicia desde a morte de Viqueira en 1924. A clave está no estudo racional e continuado dos problemas propios de Galicia, en particular, na ancoraxe na realidade inmediata, propio da pedagogía.

A historia aínda resulta máis sorprendente se temos en conta o estado embrionario da psicoloxía infantil en España, en pleno proceso de implantación e desenvolvemento. Pouco antes de 1910, unha voz autorizada resumía a situación cun categórico “aínda non comezaron en España os estudos paidolóxicos” [T] (Navarro Flores, 1908). Efectivamente, a primeira cátedra de paidoloxía foi a da Escuela Superior del Magisterio de Madrid, creada en 1909, mais non operativa ata 1919. O Patronato Nacional de Anormales creouse en 1915 e a *Revista de Pedagogía*, dirixida por Lorenzo Luzuriaga, iniciou a súa andadura en 1922. A tradución das obras de Claparède *Psicología del niño y pedagogía experimental*, e *Cómo diagnosticar las aptitudes de los escolares*, esta última fundamental na introducción dos tests na escola, son de 1910 e 1915. *Los niños anormales*, de Binet, apareceu en castelán en 1917. As *Fuentes para el estudio de la Paidología* de Domingo Barnés, e *Los niños mentalmente anormales* de Lafora, editáronse en 1917, e a *Psicología Pedagógica* de Viqueira, en 1919. A mediados dos anos 20, un optimista Barnés proclamaba “tamén entre nosoutros a Paidoloxía gañou a batalla” [T] (Barnés, 1924). Ese era o panorama español. Poucos anos despois os membros do Seminario realizaban traballos evolutivos e aplicaban tests de intelixencia a un número importante de nenos.

O modelo catalán tivo un papel destacado. A partir de 1918 o Institut d'Orientació Professional adaptou, creou e utilizou tests para o estudo das necesidades educativas dos alumnos e orientación profesional. Un dos primeiros tests de intelixencia adaptados no Laboratorio foi o de Ballard, previamente adaptado en Cataluña por Emilio Mira, director da Sección de Psicometría do Institut de Barcelona. Tamén en Cataluña tiveron lugar os primeiros congresos de psicotecnia, en 1921 e 1930. A influencia catalana na Sección de Pedagogía foi decisiva na consideración pedagóxica da lingua materna e aplicación da psicotecnia. Foi, sin dúbida, un traballo que progrediu ao ritmo do que sucedía nos lugares máis avanzados de España.

O golpe de estado de 1936 detivo a actividade do Seminario. A represión diezmou aos seus membros: Cando menos 18 foron executados; un número maior coñeceron o exilio, ou foron detidos e sancionados, como Díaz Rozas. A súa biblioteca, arquivos e material reunido foron expoliados. A dispersión e destrución de documentación esborrollou o seu traballo, ata deixalo en anécdotas e fragmentos. Ata agora, os materiais de Pol García e Díaz Rozas son as únicas mostras recuperadas de traballo evolutivo. Recentemente Filgueira Lois (2012) deu noticia do paradeiro de parte dos tests realizados polo Laboratorio. Búsquas sistemáticas nas bibliotecas e arquivos poderían sacar á luz novos materiais.

En calquera caso, o que sabemos abonda para entendermos que nos anos 30 estaba escribíndose un capítulo da historia da psicoloxía no estado español. Un capítulo que durante décadas se viu sometido ao réxime de olvidos e supresións arbitrarias iniciado en 1936. Foi deste modo sustraído á transmisión interxeneracional de coñecemento. Restituílo é devolver á psicoloxía galega unha parte brillante do seu pasado e un compromiso ineludíbel para os que hoxe forman parte do seu presente.

Referencias

- A Nosa Terra 1916-1972*. (1989-1995). Vigo: Nova Galicia Edicións. [Ed. Facsímil].
- A laboura do Seminario de Estudos Galegos. (1935, 31 de Agosto). *A Nosa Terra*, 380, pp. 1-2.
- As conferencias do grupo de Ourense. A de Iglesias Vilarelle. (1935, 20 de Abril). *A Nosa Terra*, 362, p. 1.
- As Irmandades da Fala. Fé de Vida. (1917, 10 de Xuño). *A Nosa Terra*, 21, p. 2-3.
- A III Asambleia Nazionalista Galega en Vigo. (1921, 30 de Abril). *A Nosa Terra*, 139, pp. 1-3.
- Baird, J. W. (1916) Memory, imagination, learning, and the higher intellectual processes (experimental). *Psychological Bulletin*, Vol. 13, 9, 333-354.
- Barnés, D. (1927). Estudio preliminar. En E. Claparède, *Psicología del niño y pedagogía experimental*, (pp. 7-28). Madrid: Beltrán.
- Benso Calvo, M.C. (2007). El Proyecto de Reforma de la Segunda Enseñanza y la Formación del Profesorado de Eloy Luis-André: fruto de sus viajes científicos a

- Europa. En F. Sánchez, J. Alejo, G. F. Calvo, M. Lucero, M. P. González, M. R. Oria y E. Iglesias (Coords.), *Relaciones internacionales en la Historia de la Educación, Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (1907-2007)*, (Vol. 1, pp. 25-38). Cáceres: Sociedad Española de Historia de la Educación y Departamento de Ciencias de la Educación de la Universidad de Extremadura.
- Blanco Trejo, F. (1993). *X.V. Viqueira y la psicología española de principios de siglo*. Tesis doctoral inédita. Universidad Autónoma de Madrid.
- Blanco Trejo, F. (1996). J.V. Viqueira. En M. Saiz y D. Saiz (Coords.) *Personajes para una historia de la psicología en España*, (pp. 269-282). Madrid: Pirámide y Universitat Autònoma de Barcelona.
- Blanco, F., Castro, J. y Castro, R. de (1994). *Exposición Bibliográfica e Documental sobre Eloy Luís André*. Santiago: Universidade de Santiago.
- Blanco, F., Castro, J. y Castro, R. de (1996). Eloy Luis André. En M. Saiz y D. Saiz (Coords.), *Personajes para una historia de la psicología en España*, (pp. 251-267). Madrid: Pirámide y Universitat Autònoma de Barcelona.
- Carande, R. (1982) *Galería de raros atribuídos a Regino Escaro de Nogal*. Madrid: Alianza.
- Carpintero, H. (1994). *Historia de la psicología en España*. Madrid: Eudema.
- Castelao, D. (1974). *Sempre en Galiza*. Buenos Aires: Ediciós Galiza.
- Castro Tejerina, J. (2008). *Eloy Luis André (1876-1935) e as identidades histórico-culturais da psicoloxía*. Cadernos de psicoloxía, 32, 103-134.
- Claparède, E. (1927). *Psicología del niño y pedagogía experimental*. Madrid: Beltrán.
- Cortón do Arroyo. (1924, 1 de outubro). Na túa lembranza. *A Nosa Terra*, 205, pp. 2-3
- Costal, C. (1931). Quelcom sobre el llenguatge i la intel·ligència del nen petit. En *Escola d'Estiu*, (pp. 10-33). Barcelona: Generalitat de Catalunya. [Reed. Barcelona: Edicions del Mall, 1978].
- Costa Rico, A (1989). *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Costa Rico, A (1996). *A reforma da Educación (1906-1936). X.V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia*. Sada/A Coruña: Ediciós do Castro.
- Costa Rico, A. (1998). La biblioteca que guardaron las gaviotas. Memoria bibliográfica de dos inspectores republicanos. *Historia de la educación*, 17, 445-451.
- Costa Rico, A. (2008). Influencias da psicoloxía internacional na *Psicología Pedagógica (1919)*, de Xoán V. Viqueira.
- Costa Rico, A. (2010). O Seminario de Estudos Galegos: laboratorio dun plan pedagóxico para Galiza. *Sarmiento. Anuario de historia da educación*, 14, 27-49.

- Costa Rico, A. (2013). Eloy Luis André. Recuperado o 13 de decembro de 2013 de www.culturagallega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=492.
- Decroly, O. (1932). Reflexiones e informaciones a propósito del bilingüismo. En Oficina Internacional de la Educación, *El bilingüismo y la educación*, (pp. 80-95). Madrid: Espasa-Calpe.
- Dubuis, M., Rochaix, N. & Saugnieux, J. (Ed. crítica, introd. y notas) (1988). *Fray Martín Sarmiento. El porque sí y porque no*. Oviedo: Instituto Feijoo de Estudios del Siglo XVIII y Université Lumière-Lyon II.
- Durán, J.A. (1986). Eloy Luis André. En R. Otero Pedrayo (Dir.) *Gran Enciclopedia Gallega*, (T.2, p. 90). Santiago: Silverio Cañada Editor. [s.v. André, Eloy Luis]
- El centro gallego de Madrid. (1903, 4 de xaneiro). *Revista Gallega*, 407, p. 2.
- En galego cadra millor. (1916, 15 de decembro). *A Nosa Terra*, 4, p. 3.
- Falan autoridades na materia. Cousas que non temos d'equencere (1917, 25 de xaneiro). *A Nosa Terra*, 8, p. 5
- Fernández Cerviño, M.X. (1974). *El Seminario de Estudos Galegos*. En R. Otero Pedrayo (Dir.) *Gran Enciclopedia Gallega*, (Vol. 28, pp. 115-118). Santiago: Silverio Cañada Editor.
- Fernández Fernández, J. (2009). Planos e informe de Vicente Risco para a galeguización e a renovación da escola. *Sarmiento*, 13, 167-199.
- Filgueira Iglesias de Urrea, M.A. (1972). Lengua materna y educación en Fray Martín Sarmiento. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 27, 191-271.
- Filgueira Lois, M. (1994, 17 de xullo). A psicoloxía experimental pontevedresa. Unha homenaxe. Conferencia no Museo de Pontevedra.
- Filgueira Lois, M. (2012, maio). Aportacións á Historia recente da Psicoloxía en Galicia. Comunicación ao XXV Symposium de la Sociedad Española de Historia de la Psicología. Santiago: Universidade de Santiago.
- Filgueira Valverde, X. (1947). El plan de Estudios Gallegos ideado por el P. Sarmiento. En VVAA *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*, (pp. 29-44). Santiago: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Filgueira Valverde, X. (1978). O que foi o Seminario de Estudos Galegos. *Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, 5, 29-38.
- Filgueira Valverde, X. (1994a). *VIII-Adral*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Filgueira Valverde, X. (1994b). *Fray Martín Sarmiento (1695-1772)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- García Soto, X. R. (1998, 3 de setembro). Los cuadernos de Díaz Rozas sobre lenguaje y desarrollo infantil (1944-6). Comunicación a la IIª Trobada internacional sobre

- l'adquisició de les llengües de l'estat. Universitat de Barcelona, Facultat de Psicologia.
- García Soto, X.R. (1999). A fala dos nenos. En D. Kremer (ed.) *A Imaxe e o concepto de galego*, (Vol. 2, pp. 787-797). Sada, A Coruña: Universitat Trier.
- García Soto, X.R. (2001). A inalterabel republica da infancia. Antecedentes da psicoloxía infantil na Galiza. *Nova Renascena* (Oporto), 72-73, 173-192.
- García Soto, X. R. (2008). Xohan Vicente Viqueira. O nacemento da psicoloxía en Galicia. En A. Torres Queiruga y M. Rivas Garca (Coords.) *Diccionario Enciclopedia do Pensamento Galego*, (pp. 311-325). Santiago: Xerais - Consello da Cultura Galega.
- García Soto, X.R. (2010a). Fray Martın Sarmiento (1695-1772) en la historia de la psicología infantil. *Psicología latina*, 1, 1-8.
- García Soto, X.R. (2010b). Los Estudios sobre la Infancia y el Lenguaje Infantil en el Seminario de Estudos Galegos. *Psicología latina*, 1, 97-120.
- García Soto, X.R., Lopez Susın, J.I., Enguita Utrilla, J.M. y Marın Braviz, M. (Ed. y Estudio Linguıstico) (2013). *Manuel Dıaz Rozas. Apuntes de lengua chesa*. Zaragoza: Aladrada Ediciones.
- Gili Gaya, S. (1961) *Imitacion y creacion en el habla infantil: discurso leıdo el dıa 21 de mayo de 1961, en su recepcion publica, por el Excmo. Sr. Don Samuel Gili Gaya y contestacion del Excmo. Sr. Don Rafael Lapesa Melgar*. Madrid: Real Academia Espaıola.
- Gili Gaya, S. (1972). *Estudios de lenguaje infantil*. Barcelona: Bibliograf.
- Gonzalez Lopez, E. (1974). *Xohan Vicente Viqueira. Escolma de Traballos*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Gonzalez Lopez, E. (1987). *Memorias de un estudiante liberal (1903-1931)*. Sada, A Coruña: Edicios do Castro.
- Hernandez Pina, F. (1984). *Teorıas psicossociolinguısticas y su aplicacion a la adquisicion del espaıol como lengua materna*. Madrid: Siglo XXI.
- Hughes, J. (1932). Los estudios sobre el bilinguismo en el Paıs de Gales. En Oficina Internacional de la Educacion, *El bilinguismo y la educacion*, (pp. 43-48). Madrid: Espasa-Calpe.
- Lopez Pelaez, A. (1895). *El gran gallego. Fr. Martın Sarmiento*. A Coruña: Andres Martınez, Editor.
- Lopez Pelaez, A. (1902). *Los escritos de Sarmiento y el siglo de Feijoo*. A Coruña: Andres Martınez, Editor.
- Lopez Vazquez, R. (1994). *A filosofıa krausista en Galicia*. Santiago: Xunta de Galicia.

- López Vázquez, R. (1996). *O pensamento rexeneracionista de Eloy Luis André*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Los cursos del Seminario de Estudios Gallegos. (1935, 8, 9 de agosto e 4 de setembro). *El pueblo gallego: Diario de la mañana, al servicio de los intereses de Galicia*, (s.n.), p. 16; p. 14; p. 1.
- Luis André, E. (1906). *El histrionismo español. Ensayo de psicología política*. Barcelona: Imprenta de Henrich y Cia.
- Luis André, E. (1906). Las orientaciones de la solidaridad en Galicia. *El Miño* (Ourense), 14 de maio de 1909. Reed. en E. Luís André (1931a), pp. 101-107.
- Luis André, E. (1909). Los foros en Galicia: Información ante el Congreso. *El Mundo* (Madrid). Reed. en E. Luís André (1931a), pp. 123-127.
- Luis André, E. (1911). *Die Sprachmelodische Kurven in verschiedenen lebenden Sprachen von Dr. Eloy Luis André*. Mitglieder der Psychologische Institut Universität Leipzig. [Manuscrito inédito].
- Luis André, E. (1912). Valor cultural del castellano y del galaico-portugués. *La Lectura*, 133, 136-151.
- Luis André, E. (1916). *La educación de la adolescencia. Estudio crítico del estado de la segunda enseñanza y de sus reformas más urgentes*. Madrid: Imprenta de "Alrededor del Mundo."
- Luis André, E. (1920). *Elementos de psicología*. Madrid: Imprenta de los hijos de M. G. Hernández. (2ª ed.).
- Luis André, E. (1931, 28 e 29 de maio). Réplica a Unamuno. *El pueblo gallego*, 2.229, p. 12; 2.230, p.7.
- Luis André, E. (1931b). *Galleguismo, lucha por la personalidad nacional y la cultura*. Madrid: Imprenta J. Murillo.
- Luis André, E. (1931c). *Psicología experimental*. Madrid: Imprenta Sáez Hermanos. (4ª ed.).
- Luis André, E. (1944, setembro). La lengua Gallega y la Lucha por la Cultura en Galicia, *A Nosa Terra*, 430, p. 4.
- Martínez Barbeito, C. (1989). Prólogo. En *Album de Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861*. Madrid: Ediciones Giner [Ed. facsímil de *Album de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña*. 1862. Coruña: Imprenta del Hospicio].
- Mato, A. (2001). *O Seminario de Estudos Galegos*. Sada, A Coruña: Publicacións do Seminario de Estudos Galegos / Edición do Castro, 2001.
- Mayobre, P. (1994). *O krausismo en Galicia e Portugal*. Sada, A Coruña: Edición do Castro.

- Montes Giraldo, J.J. (1971). Acerca de la apropiación por el niño del sistema fonológico español. *Thesaurus*, 26, 322-346.
- Navarro Flores, M. (1908). Prólogo. En W.T. Preyer, *El alma del niño: disertaciones acerca del desarrollo psíquico en los primeros años de vida*, (pp. V-XXXII). Madrid: Daniel Jorro.
- Oficina Internacional de la Educación. (1932). *El bilingüismo y la educación*. Madrid: Espasa-Calpe.
- Porto Ucha, S. (1986): *La Institución Libre de Enseñanza en Galicia*. Sada/A Coruña: Edición do Castro.
- Preyer, W.T. (1908). *El alma del niño: disertaciones acerca del desarrollo psíquico en los primeros años de vida*. Madrid: Daniel Jorro.
- Proclamación de candidatos a diputados a Cortes (1931, 22 de xuño). *La Voz* (Madrid), 3.270, p. 3.
- RAG (1994). *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. Vigo: Real Academia Galega.
- Regueira, R. (1992). *X.V. Viqueira: Teoría e praxe*. Padrón: Novo Século.
- Ribalta y Copete, A. (1915). La educación de los chicos gallegos. *Estudios Gallegos*, 14.
- Risco, V. (1921). Plan Pedagógico pr'a galeguización d'as escolas. *Nós*, 6, 5-7; 7, 10-12.
- Rivas García, M. (1974): Xoán Vicente Viqueira. En R. Otero Pedrayo (Dir.) *Gran Enciclopedia Gallega*, (Vol. 30, pp. 153-154). Santiago: Silverio Cañada Editor.
- Rodríguez Cabrero, Juan (1932). El egregio filósofo e insigne escritor P. Luis de Losada. *Boletín de la Real Academia Gallega*, 244, 31-40.
- Santamarina, A. (Coord.) (2002). *Frei Martín Sarmiento*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago.
- Sarmiento, M. (1732). *Demonstración Crítico-Apologética del Theatro Crítico Universal que día a luz el R.P.M. Fr. Benito Jerónimo Feijoo*. Madrid: Viuda de Francisco del Hierro.
- Sarmiento, M. (1923). *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*. Tui: Tipografía Regional.
- Sarmiento, Fr. M. (2002). *La educación de la niñez y de la juventud (Textos)*, Edición de Antón Costa Rico y María Álvarez Lires. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Seminario de Estudios Gallegos. (1935, 6, 7, 8, 10 e 12 de Agosto). *El país: diario republicano de la tarde*, 827, pp. 1-2; 828, pp. 1-2; 829, p. 1; 831, p. 1; 832, p. 1.
- Seminario de Estudos Galegos. Os cursillos de Pontevedra. (1935, 10 de Agosto). *A Nosa Terra*, 377, p. 1.
- Sergude, L. (1916, 25 de decembro). Polas Escolas Galegas. *A Nosa Terra*, 5, p. 6.

- Taibo, V. (1917, 5 de xaneiro). A fala no ensino. *A Nosa Terra*, 6, pp. 1-2.
- Toba Fernández, X. (1935). Sobre la organización escolar. *Vanguardia Pedagógica*, 1, 9-10.
- Toba Fernández, X. (1935-1936). *Problemas que nos plantea la Escuela y el Niño de Galicia*. Separata de *Vanguardia Pedagógica*, 5 (Novembro de 1935) y 6 (Decembro de 1935-Xaneiro de 1936). A Coruña: Tipografía El Noroeste. [Reproducción facsimilar en A. Costa, 1996].
- Torres Regueiro, X. (1987). *Xoán Vicente Viqueira e o nacionalismo galego*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.
- Unha nova xornada galeguista (1917, 11 de Febreiro). *A Nosa Terra*, 10, pp. 1-5.
- Veiga do Campo, Luís (pseudónimo de R. Piñeiro). (1969). *Xohán Vicente Viqueira. Vida. Persoalidade. Pensamento*. Buenos Aires: Gráficas Cadop.
- Vicenti, A. (1904). Discurso en Honor a Curros Enríquez pronunciado en el Teatro San Jorge de A Coruña el 28 de Octubre de 1904. *Revista Gallega*, 502, pp. 2-3.
- Villar Ponte, A. (1902). La risa de los niños. *Revista Gallega*, 356, p. 4.
- Villar Ponte, A. (1916). *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*. A Coruña: Imprenta de la Voz de Galicia. [2ª ed.].
- Villar Ponte, A. (1916). A bandeira ergueita. *A Nosa Terra*, 1, pp. 1-2.
- Villar Ponte, A. (1918). ¡Adiante! O Segundo Aniversario da fundación das Irmandades. *A Nosa Terra*, 56, 1.
- Villar Ponte, A. (1935). El tema del bilingüismo. Nuestro más capital problema como gallegos. *Vanguardia Pedagógica*, 5, 97-99.
- Villar Ponte, A. (1971). *Pensamento e sementeira*. Buenos Aires: Ediciones Galicia.
- Villar Ponte, R. (1977). *A Xeración do 16*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Viqueira, X.V. (1915a). La Psicología experimental y el maestro. *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, XXXIX, 193-199; 236-240; 273-276; 332-339.
- Viqueira, X.V. (1915b). Lokalisation und einfaches Wiedererkennen. *Zeitschrift für Psychologie und Physiologie der sinnesorgane*, 73, 1-10.
- Viqueira, X.V. (1915c). Los métodos del examen de la inteligencia, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, 39, 100-107; 134-135.
- Viqueira, X.V. (1916a). El aprender como problema psicológico, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, 43, 202-204.
- Viqueira, X.V. (1916b). La Psicología experimental y el maestro, *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*, 40, 137-141, 193-201, 233-238, 296-300, 332-335, 362-369.

- Viqueira, X.V. (1916c). Un nuevo factor de la memoria de identificación, *Anales de la Junta para Ampliación de Estudios*, Memoria 3ª, 16, 75-96.
- Viqueira, X.V. (1917a). Bosquejo de Psicología infantil, *Revista General*, 3, 7, 10, 15, 17, 20, 24.
- Viqueira, X.V. (1917b) Forma y color en el dibujo infantil. En Asociación Española para el Progreso de las Ciencias, *Congreso de Valladolid*, (Vol. 8, pp. 243-250). Madrid: Imprenta de Eduardo Arias.
- Viqueira, X.V. (1917c). Sobre el dibujo de los niños. En Asociación Española para el Progreso de las Ciencias, *Congreso de Valladolid*, (Vol. 8, pp. 215-241). Madrid: Imprenta de Eduardo Arias.
- Viqueira, X.V. (1918). ¿Es posible una psicología cuantitativa? ¿Qué es una medida mental? En *Asociación Española para el Progreso de las Ciencias, Congreso de Sevilla*, (Vol. 8, pp. 5-46). Madrid: Imprenta Clásica Española.
- Viqueira, X.V. (1918, 30 de marzo, 10 de abril, 20 de abril, 30 de abril, 10 de maio, 30 de maio, 10 de xuño, 20 de xuño, 30 de xuño, 10 de xullo, 20 de xullo, 30 de xullo). Nosa Problemas Educativos. Folletón de A Nosa Terra. *A Nosa Terra*, 50, 6; 51, 6; 52, 6, 53, 6; 54, 6; 56, 6; 57, 6; 58, 6; 59, 6; 60, 6; 61, 6; 62, 4-6.
- Viqueira, X. V. (1919). *Introducción a la Psicología Pedagógica*. Madrid: F. Beltrán.
- Viqueira, X.V. (1922). La filosofía española y portuguesa del s. XIX y comienzos del siglo XX. En K. Vorländer, *Historia de la Filosofía*, (Vol. 2, pp. 439-466). Madrid: F. Beltrán.
- Viqueira, X.V. (1926). *Elementos de Ética e Historia de la Filosofía*. Madrid: Imprenta de Juan Pueyo.
- Viqueira, X.V. (1930) *La Psicología contemporánea*. Barcelona: Labor.
- Viqueira, X.V. (1974). *Ensaio e Poesías*. Vigo: Galaxia.
- VVAA. (1978). *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos. Cadernos do Laboratorio de Formas de Galicia*, 5. [monográfico].
- www.filosofía.org (s.f.). Eloy Luis André 1876-1935. Recuperado o 2 de febreiro de 2010 de www.filosofía.org.